**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA 18 DE DECEMBRO DE 2008**

| | |
|---|---|
| ALCALDE: | D. Jesús Vazquez Almuiña |
| CONCELLEIROS: | D. Angel Manuel Rodal Almuiña<br>Dña.Rosa Ana Marcote Guillén<br>Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez<br>Dña.Maria Iglesias Fernández<br>Dña.Ana Simons Sánchez<br>D.Jose Rodríguez Trigo<br>Dña.Maria Jesús Martíns Passos |
| | D. Manuel R. Vilar Marquez |
| | D. Rafael Lores Rosal<br>D.Manuel Rafael Estévez González<br>Dña.Laura Miguez Pérez<br>Dna.Emilia Giráldez Ramirez<br>Dña. Teresa Perez Vieira<br>D. Manuel A. Gonzalez Marcote |
| | D. Xose Enrique Fernández Fernández<br>Dña Ana Maria Rodríguez Fernández |
| SECRETARIA: | Dña.Susana Gallardo Fariña |
| INTERVENTORA: | Dña.Rosa del Riego Santos |

Na Casa Consistorial de Baiona, a dezaoito de decembro de dous mil oito, reúnense os señores ditos enriba, co obxeto de celebrar sesión ordinaria do Pleno do Concello en primeira convocatoria.
Sendo as doce horas o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, comentando que xa é oficial a data das eleccións autonómicas, o día 1 de marzo, polo que modificarase a celebración da Arribada para o seguinte fin de semana. Pásase ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

## 1.-APROBACION ACTAS ANTERIORES.-

***Acta de 3 de outubro de 2008 (ficara pendente sua aprobación no derradeiro Pleno por non dispór da mesma os concelleiros).***
***Acta de 6 de novembro de 2008.***

Sométese a aprobación polo Sr.Alcalde a acta do 3 de outubro de 2008, resultando aprobada por unanimidade.

Respecto á acta do 6 de novembro de 2008, intervén o Sr.Estévez para indicar que sí estivo no Pleno e na acta sinala que non asistíu. Con esta modificación fica aprobada a devandita acta.

## 2.-DACION DE CONTA DAS RESOLUCIONS DA ALCALDIA.

Os concelleiros dispoñen da devandita relación.

## 3.- DACION DE CONTA DA RESOLUCION DE DATA 10 DE NOVEMBRO DE 2008 POLA QUE SE DELEGAN ATRIBUCIONS DA ALCALDIA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dase conta da devandita Resolución.

---

**(Neste intre acórdase o tratamento dos puntos 4, 5 e 6 conxuntamente).-**

## 4.-APROBACION, SE PROCEDE, DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERIA DE SANIDADE-SERVIZO GALEGO DE SAUDE E O CONCELLO DE BAIONA SOBRE ASUNCION DOS CUSTOS DE MANTENEMENTO DO CENTRO DE SAUDE DE BAIONA.

## 5.- APROBACION, SE PROCEDE, DA INCLUSION DO EDIFICIO DO CENTRO DE SAUDE NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE BAIONA.

## 6.- APROBACION, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE FACTURAS 03/2008.

**O SR.ALCALDE** propón falar conxuntamente dos devanditos puntos 4,5, e 6, posto que fan referencia ó mesmo Convenio; trátase de asinar o Convenio coa Consellería para que eles asuman os costos de mantemento do Centro; da aprobación da inclusión do edificio do Centro de Saude no Inventario de Bens do Concello de Baiona, e por último, o punto 6º, da aprobación, se procede, do recoñecemento extraxudicial de facturas.

**SRA.SECRETARIA**.- Por parte de la FEGAMP se remitió el protocolo de Convenio entre la FEGAMP y el SERGAS, se lo proponen a los Ayuntamiento; nosotros estamos en el anexo 1 con lo cual nuestra inclusión podría ser directa, para ello hay que aprobar el Convenio como primer paso para despues seguir la tramitación para ceder el inmueble que alberga el Centro de Salud a la Consellería. Supone un ahorro en gastos de 39.000 euros, lo que supondría la asunción de costes por parte del SERGAS de los costes de mantenimiento; en cuanto a la inclusión de los bienes en el Inventario es necesario primero antes de ceder el bien al SERGAS, es necesario incluir el inmueble en el Inventario de Bienes del Ayuntamiento como un bien patrimonial, en su día como no se formalizó la cesión del SERGAS con el Ayuntamiento entonces se procede ahora con la cesión, y se trata de incluirlo para posteriormente inscribirlo en el Registro de la Propiedad y proceder a la cesión al SERGAS a través del procedimiento establecido en el Reglamento de Bienes y a través de escritura pública; por último, el reconocimiento extrajudicial de facturas.

**SRA.INTERVENTORA.-** En cuanto a la asunción de los gastos se realiza una estimación de los gastos que estaba asumiendo hasta la fecha el Concello que ascienden aproximadamente a 77.000 euros, cuyo importe más importante son los gastos de combustible, también los de la limpieza del Centro, teniendo en cuenta ya el precio actual de la licitación; también se incluyen aquí los gastos de mantenimiento del ascensor, reparaciones diversas, suministro de energía eléctrica, etc., ascendería aproximadamente a 77.000 euros; en compensación, hasta la fecha, el Concello venía recibiendo 10.800 euros por un Convenio que se había firmado al mismo tiempo que se cedió el Centro en función del número de tarjetas sanitarias que existen en Baiona, entonces como consecuencia de este Convenio el Concello dejaría de asumir directamente estos gastos; una de la exigencias que se establecían en el Convenio es que el edificio se entregue libre de cargas por esto se traen dos facturas que quedaron pendientes de aprobación, una es la del mantenimiento de todo el año 2006 del equipo de climatización del Centro de Salud, y otra es de una reparación que se hizo en el ejercicio 2007, suman aproximadamente 5.300 euros, y aprobando estas dos facturas no quedarían facturas pendientes del Centro de Salud.

**SR.RODAL, PP**.- Buenos días a todos. El 2 de diciembre del 2005 el SERGAS firmaba un Convenio de Colaboración con el Ayuntamiento de Baiona para la prestación de la asistencia sanitaria de régimen ambulatorio a los beneficiarios de la Seguridad Social en el Centro de Salud de titularidad municipal de los Tendales. Transcurridos 3 años de dicha fecha elevamos al Pleno un Convenio de Colaboración, como bien comentaron tanto la Secretaria como la Interventora, para que los gastos de mantenimiento de la instalación del Centro de Salud sean asumidos por el SERGAS; como se ha comentado se incluye el inmueble dentro del Inventariado Municipal, y como también se comentó se debe de entregar libre de cargas y gravamenes, de ahí que presentemos al Pleno para su aprobación las dos facturas del año 2007 con relación al mantenimiento del equipo de climatización por el metodo de reconocimiento extrajudicial de facturas. Creemos que el mantenimiento del Centro de Salud es una competencia autonómica y en cierto modo aplaudimos este Convenio puesto que el coste de mantenimiento del Centro de Salud nos suponía anualmente unos 76.000 euros, como comentaba antes la Interventora había una diferencia de 10.000 euros que nos abonaba el SERGAS por el tema de las tarjetas sanitarias, con lo cual este Convenio nos supondrá un ahorro de unos 66.000 euros.

**SR.LORES, PSOE**.- Bos días a todos. En primer lugar o Partido Socialista ten a satisfacción de ver como o Goberno da Xunta, de Emilio Pérez Touriño, está a cumprir todo aquelo que se prometeu; é curioso que o actual Alcalde, nos tempos do goberno do PP, tivera competencias no SERGAS, e que daquela isto non se houbera plantexado, e hoxe congratulamonos todos de que este mesmo goberno do PP (agora municipal, non autonómico) esté firmando e asumindo un Convenio do goberno progresista bipartito da Xunta de Galicia. Polo tanto nós en principio estamos totalmente a favor deste Convenio; e o que sí queremos solicitar é que este gasto que se vai a evitar ó Concello de 66.000 euros que se invirta, ou que se inclúa, nas partidas de Servizos Sociais, posto que entendemos que durante o próximo ano é preciso que esa partida non sufra ningún tipo de disminución na sua asignación, e que dentro do posible que se vaia amplando; pedimos que eses cartos se incorporen á partida de Servizos Sociais.

**SR.ALCALDE**.- Eu dixen ó principio que había xa unha data de eleccións, pero non que empezara a campaña hoxe.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- En todo caso, comeza a campaña ou non comeza, a realidade é que co PP o Concello de Baiona pagaba 77.000 euros e recibía 10.000, e coa coalición BNG-PSOE da Xunta de Galiza o Concello de Baiona non vai a pagar nada; esa é a realidade, lle guste ou non lle guste; eu me imaxino que estará contento vostede pensando xa onde empregar eses 76.000 euros que lle van a vir agora ó peto aínda que seguramente os seus socios xa os teñen repartidos.
Estamos de acordo con este tipo de actuacións, creo que é moi cómodo, e xa denunciamos o día que se asinou aquel Convenio decindo que non había dereito a que a Xunta de Galiza tratara de levar os seus

proxectos á conta das arcas municipais como estaba facendo daquel xeito; e naquel momento xa había este goberno na Xunta, o que sí non se lle podía pedir era que cambiara as formas de tantos anos atrás.
Nos parece ben, nos parece correcto, creo que é unha boa xestión, neste caso da FEGAMP (se fora súa tamén o diríamos), e creemos que a Administración Pública debe ir por eses rengleiros, a non ser que haxa un cambio de formas e entón incrementen a capacidade de xestión económica dos Concellos dunha maneira considerable; como aparentemente, en principio, non vai a ser así, cada pao que aguante a sua vela e polo tanto lle corresponde á Consellería de Sanidade sufragar os gastos que conleva o Centro de Saude de Baiona así como os de todos os de Galiza; polo tanto pola nosa parte non hai máis que felicitacións e apoio a todas estas mocións.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Aprobamos esta moción pero teño que deixar claro que nós estamos constantemente apoiando ó Centro de Saude, incluso con obrigas que non son nosas, como o problema que teñen agora coas persianas, mandamos os nosos operarios, se busca unha colaboración como non pode ser doutro xeito. O que está claro é que cada Administración debe asumir as competencias que lle correspondan; estamos a favor.

**SR.ALCALDE**.- Unha aclaración, este é un acordo da FEGAMP de fai 3 anos, entre o anterior presidente da FEGAMP, D.Jose Crespo, e o bipartito; tardou 3 anos en chegar, pero a día de hoxe seguimos pagando, quero decir que co bipartito seguimos pagando exactamente o mesmo e pode coincidir que igual non se pague co Partido Popular dentro de 3 meses.

**SR.LORES, PSOE**.- Repetir que entendemos que é importante que nos próximos Orzamentos se contempre que esta partida vaia a Servizos Sociais.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Sr.Alcalde, máis tardou o PP, que non o fixo nunca; é decir, o señor Crespo evidentemente iniciou este proceso e era do PP, pero non se lle ocurríu iniciálo cando o PP gobernaba na Xunta; ocurríuselle iniciálo cando o PP xa non gobernaba na Xunta; por tanto, benvido sexa por parte do Sr.Crespo (se fora pola súa parte, tamén); creemos que ista debe ser a maneira de traballar e non outra; polo tanto, veña de quen veña, e o disfrute e o administre quen sexa a partir de marzo, nos parece que é a postura e a medida corrrecta.

**SR.ALCALDE**.- Este é un tema moi importante e cando plantexemos os orzamentos buscaremos que non so Benestar Social sexa potenciada, senón tamén Traballo e outras áreas, que dende logo co goberno actual autonómico non están protexidas e dende os Concellos temos que tratar de coidálas.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación dos seguintes puntos:**

**1º.- APROBACION, SE PROCEDE, DO CONVENIO ENTRE A CONSELLERIA DE SANIDADE-SERVIZO GALEGO DE SAUDE E O CONCELLO DE BAIONA SOBRE ASUNCION DOS CUSTOS DE MANTENEMENTO DO CENTRO DE SAUDE DE BAIONA, resultando aprobado por unanimidade.**

---

**2º.- INCLUSION DO EDIFICIO DO CENTRO DE SAUDE NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE BAIONA, resultando aprobado por unanimidade.**

---

**3º.- APROBACION, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE FACTURAS 03/2008, resultando aprobado por unanimidade.**

---

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:**

**<u>Primero.-</u> APROBAR O CONVENIO ENTRE A CONSELLERIA DE SANIDADE-SERVIZO GALEGO DE SAUDE E O CONCELLO DE BAIONA SOBRE ASUNCION DOS CUSTOS DE MANTENEMENTO DO CENTRO DE SAUDE DE BAIONA.**

**<u>Segundo.-</u> INCLUIR O EDIFICIO DO CENTRO DE SAUDE NO INVENTARIO DE BENS DO CONCELLO DE BAIONA.**

**<u>Tercero</u>.- APROBAR O RECOÑECEMENTO EXTRAXUDICIAL DE FACTURAS 03/2008,**

**<u>7.-APROBACION, SE PROCEDE, DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACION INTERPOSTO POR SAMYL CONTRA O ACORDO DO PLENO EN SESION 30/10/2008 DE ADXUDICACION DO CONTRATO DE LIMPEZA DE INSTALACIONS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BAIONA.</u>**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.INTERVENTORA.**

**SRA.INTERVENTORA**.- Lo que se recoge en la Propuesta de la Alcaldía es que se estima parcialmente el recurso interpuesto, lo que da lugar a la modificación de la valoración efectuada inicialmente de acuerdo con el nuevo cuadro que se adjunta, y únicamente se estima parcialmente el recurso en ese aspecto; se desestima en todo lo demás, y como consecuencia de eso, con la nueva puntuación no se altera para nada la adjudicación provisional efectuada porque no altera el orden, con lo cual se desestima en el resto el recurso interpuesto y se debe acordar la adjudicación definitiva del servicio de limpieza a la empresa LINORSA y notificarselo a los licitadores.

**SR.RODAL, PP**.- En sesión extraordinaria de octubre se adjudicó provisionalmente, como bien ha comentado la Interventora, a LINORSA el contrato del servicio de limpieza de las instalaciones municipales de Baiona por el período de 2 años; 12 días despues la empresa SAMYL, S.L.., presentaba un recurso especial en materia de contratación; revisadas todas las alegaciones se modificaba muy ligeramente la puntuación al alza non solo de SAMYL S.L., en 3,5 puntos de un total de 100 como máximo, sino también a SERALIA en 0,25 puntos y a la propia adjudicataria provisional LINORSA en 2 puntos; estas pequeñas modificaciones hacen desestimar el recurso pues no altera en absoluto la propuesta de adjudicación a favor de LINORSA en el Pleno de 30 de octubre pasado.

**SR.LORES, PSOE.-** Mantivemos a abstención neste procedimento por entender que era un trámite puramente administrativo; non estamos en contra de que estes contratos se fagan; entendemos que os servizos técnicos traballaron ben, fixeron o que tiñan que facer, e non temos nada en contra, pero imonos abster neste punto.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Nós tamén nos vamos a abster, por coherencia, máis que nada porque non participamos en privatizacións innecesarias dentro do Concello de Baiona.

**SR.ALCALDE**.- Pero na mesa de contratación sí que están representados.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Digo que non participamos na postura política de aprobar privatizacións deste tipo, non que non participemos no proceso.

**SR.ALCALDE**.- A nivel da mesa de contratación vostedes aceptan estar presentes, por tanto deberían ter en consideración os informes dos técnicos municipais e decir si están de acordo ou non con eles. Iso sería o máis razoable.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Estamos de acordo co informe técnico.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando: votos a favor, 9 (8,PP, 1,CMÑ); producíndose 8 abstencións (6, PSOE, 2, BNG).**

**Polo cal o Pleno, por maioría, acorda:**

**Primeiro.- Estimar parcialmente o recurso especial en materia de contratación interposto pola empresa SAMYL, modificándo a valoración das ofertas recollidas no informe de data 10/10/08, e que quedará como segue:**

| ENTIDADE MERCANTIL | MENOR PRECIO | MEJORAS MATERIALES | SERVICIOS NO PREVISTOS | HORAS SERVICIOS EXTRAORD | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| SOLDENE | 15,87 | 25,00 | 4,50 | 4,44 | 49,81 |
| CLARO SOL | 14,51 | 32,00 | 2,50 | 0,37 | 49,38 |
| LINORSA | 40,00 | 35,00 | 9,00 | 10,00 | 94,00 |
| FIRDIS | 34,12 | 25,00 | 3,50 | 2,22 | 64,84 |
| EL POLIGONO | 25,71 | 15,00 | 0,00 | 0,00 | 40,71 |
| SAMYL, SL | 21,38 | 30,00 | 5,50 | 7,41 | 64,29 |
| SERALIA | 38,32 | 35,00 | 3,75 | 1,85 | 78,92 |

**Segundo.-Desestimar o recurso, en canto á solicitude de adxudicación do servizo á empresa SAMYL, posto que a revisión da valoración das ofertas non altera a proposta de adxudicación realizada a favor de LINORSA no acordo de Pleno de data 30/10/08**

**Terceiro.- Adxudicar definitivamente o servicio de limpeza das instalacións municipais do Concello de Baiona polo importe de 196.141,13 € a favor de LINORSA”**

## 7.-APROBACION, SE PROCEDE, DA DENOMINACION DA RUA VILA DO OBISPO.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó Sr.Vilar, CMÑ.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Como vostedes saben celebraremos a Arribada o próximo 7 e 8 de marzo, en lugar do 1 de marzo, e vaise asinar a firma do protocolo do irmanamento con Vila do Bispo, tal como se aprobou no Pleno; e ún dos actos é a denominación dunha rúa adicada a Vila do Bispo, como xa teñen os demáis pobos irmáns de Palos de la Frontera, Santa Fé de Granada, Pornic e Rafael Freyre. Esta rúa de Vila do Bispo sitúase na urbanización de PORTOLYS, ó lado da de Rafael Freyre e Pornic; teñen vostedes un plano do espazo que ocupa esa rúa; trátase agora da aprobación da denominación desta rúa.

**SR.LORES, PSOE**.- Estamos totalmente a favor, igual que co resto dos pobos irmáns, en que teñan unha rúa en Baiona; pero queremos comentar e solicitar en canto á hora da denominación da rúa que ós que non vamos a misa que se nos manteña igual e non se adiante para poder estar na inauguración; estamos interesados na inauguración desa rúa.

**SR.ALCALDE**.- Se terá en conta a sua petición;  buscaremos unha hora razoable para facer esa inauguración.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Parécenos ben que se lle dea o nome dun pobo irmanado a unha rúa, pero queremos sinalar que parece que neste Concello xa se ten por norma por nomes ás novas rúas que van desenrolandose pola xestión do Plan Xeral eo creemos que se debera botar mán dos toponimios que houbo toda a vida; aínda que non sexa este o caso;  toponimios que houbo nas zonas onde se fan as xestións urbanísticas, creo que é importante.
O que sí quixeramos é que nos aclaren si é rúa do “Obispo” ou do “Bispo” porque na orde do Día pon “Vila do Obispo”; ¿é un erro?; ben, queda aclarado que é “Vila do Bispo”.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Sabemos que “Bispo” é o mesmo en galego que en portugués, é como o caso de “Oporto” ou “Porto”, realmente é “Porto”, o que pasa é que en castelán únese o artigo ao nome e sae “Oporto”.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:**

**APROBAR A DENOMINACION DA RUA “VILA DO BISPO”.**

## 9.-APROBACION, SE PROCEDE, DA MOCION DO EQUIPO DE GOBERNO RELATIVA O DEREITO DE VOTO DAS PERSOAS RESIDENTES NO EXTERIOR.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP,** .quen da lectura á seguinte **MOCION**:

**"Los portavoces de los grupos municipales del Partido Popular y Coalición Miñorana en el Ayuntamiento de Baiona, en nombre y representación de los mismos y al amparo de lo establecido en los artículos 91.4 y 97.3 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales de 1986, por razones de urgencia, eleva al Pleno de la Corporación para su debate la siguiente, MOCIÓN**

**La Constitución Española, en su artículo 23, otorga el derecho de sufragio a todos los ciudadanos. Además, el artículo 14 de dicho Texto garantiza a todos los españoles igualdad en el ejercicio de sus derechos. Todo ello supone que, de una u otra forma, los poderes públicos deben articular algún mecanismo que permita a los españoles residentes en el exterior ejercer el derecho de sufragio con todas las garantías.**
**Así, la Ley Orgánica 40/2006, de 14 de diciembre, del Estatuto de la Ciudadanía Española en el Exterior, que versa sobre el derecho de los españoles residentes en el exterior a ser elector y elegible en las mismas condiciones que la ciudadanía residente en el Estado español, proclama en su artículo 5 lo siguiente:**

> ***"1. Los españoles que residen en el exterior tienen derecho a ser electores y elegibles, en todos y cada uno de los comicios, en las mismas condiciones que la ciudadanía residente en el Estado español, en los términos previstos en la normativa de aplicación.***
>
> ***5. Para facilitar el ejercicio del derecho de voto de los españoles residentes en el exterior, se promoverán las medidas legales tendentes a homogeneizar los procedimientos electorales para la ciudadanía española en el exterior y se habilitarán los medios materiales, técnicos y humanos precisos que posibiliten la votación en urna o a través de otro medio técnico que garantice el secreto del voto y la identidad del votante, en elecciones generales, europeas y autonómicas, en las demarcaciones consulares, teniendo en cuenta las características de los países de residencia y el número y distribución de españoles residentes en el país de que se trate".***

**En estos momentos la regulación de la normativa electoral en este aspecto resulta insatisfactoria, tanto desde el punto de vista de la seguridad jurídica como del de las garantías democráticas que aseguran que el voto sea universal, libre, igual, directo y secreto.**
**Por esta razón, el Grupo Parlamentario Popular en el Congreso ha presentado una Proposición de Ley Orgánica de modificación de la Ley de Régimen Electoral General para adecuar las especificidades del derecho al voto de los españoles residentes en el exterior con la garantía democrática que representa el sistema de voto en urna, apoyado en la administración consular, así como el ejercicio del voto por correo con todas las garantías, la regulación de las campañas electorales y la previsión de depuración del censo de electoras y electores residentes en el exterior.**
**Considerando la importancia de esta iniciativa, los Grupos Municipales abajo firmantes someten a la consideración del Pleno la aprobación de los siguientes acuerdos:**

**PRIMERO.- El Ayuntamiento de Baiona insta a los Grupos Parlamentarios de las Cortes Generales para que, con carácter de urgencia, aprueben la Proposición de Ley Orgánica**

**de modificación de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de julio, del Régimen Electoral General, presentada por el Grupo Parlamentario Popular, para posibilitar la homogeneización del procedimiento de voto de las personas residentes en el exterior con el resto de la ciudadanía, en los términos que se expresan en la misma.**

**SEGUNDO.- Instar al Gobierno para que proceda a tomar cuantas medidas sean necesarias para que, una vez aprobada la reforma de la Ley, se de cumplimiento con carácter de urgencia al contenido de la referida reforma de la Ley Orgánica Electoral General.**

**TERCERO.- Dar traslado de estos acuerdos a los Portavoces Parlamentarios en la Subcomisión sobre las posibles modificaciones del Régimen Electoral (Comisión Constitucional) del Congreso de los Diputados.”**

---

**CONTINUA.-** Desde el Partido Popular opinamos que todos los españoles, residamos en España o en el extranjero, debemos tener los mismos derechos en relación al voto y más cuando en nuestra Comunidad gallega la emigración supone un 13% del total de electos, o sea, unas 330.000 personas; de ahí que con esta Moción reivindiquemos el derecho a tener las mismas garantías ejerciendo su voto siendo personas residentes en el exterior, al igual que lo hacemos los que residimos en nuestro propio territorio.

**SR.LORES, PSOE.-** En principio estaríamos dispostos a apoiar esta moción si se ten en conta a mesma enmenda que o BNG fixo nesta Moción no Pleno da Deputación; facemos nosa esa alegación agora, supoño que o Bloque tamén a fará; esta enmenda trata de que o primeiro punto onde pon: “...presentada por el Grupo Parlamentario Popular”, cambie e diga: “.....presentada polo Parlamento de Galicia e apoiada unanimemente polos grupos parlamentarios do BNG, PSOE, e PP”.
Como decíamos antes, parece que o PP nestes últimos tempos ten unha sensibilidade distinta; o que non entendemos é como nos últimos 4 anos de maioría absoluta do Sr.Aznar isto non se propuxo no Goberno do Estado e que de repente aparezca esta sensibilidade cos emigrantes cando antes estaban por América e por outros puntos buscando votos dunha forma coa que nós xa daquela estabamos en contra.
Votaremos a favor desta Moción se o PP fai esa corrección posto que é a sensibilidade que temos todos os grupos políticos neste momento; senón votaremos en contra.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Antes do Pleno entreguei á Secretaria unha copia da enmenda que queríamos presentar e que foi acordada xa na Comisión Informativa con respecto ó primer punto onde efectivamente se pide que se cambie e que diga: “... presentada polo Parlamento de Galicia” en vez de “...presentada por el Grupo Parlamentario Popular”; na mesma liña que falaba o compañeiro Rafa Lores en decir que o BNG xa lle ven de lonxe esta pretensión e foi o pasado 25 de abril de 2008 cando o BNG presentou na mesa do Congreso dos Deputados unha proposición de Lei Orgánica de reforma parcial da Lei reguladora do Réxime Electoral Xeral, para equiparar o procedimento da votación das persoas residentes no exterior co establecemento da votación directa en mesas instaladas nas Embaixadas, Consulados, como procedemento normal, ou co voto por correo como procedemento excepcional. Posteriormente, o 5 de setembro, o Boletín Oficial das Cortes Xerais publicaba tamén a proposición de Lei da modificación da Lei Electoral Xeral para

homoxeneizar o procedemento de voto das persoas residentes no exterior e equiparálo ó grado do resto da cidadanía que pode exercer o seu voto e que foi presentada polo Parlamento de Galiza na sua totalidade.
Presentouse como consecuencia dun acordo unánime adoptado nesta Cámara por parte dos grupos do BNG, PSOE, e do PP, e foi o 10 de outubro pasado cando finalmente o PP presentou asemesmo a sua proposición de Lei e que hoxe pide o respaldo nesta institución. Creemos tamén que tivo moito tempo o PP para facer a reforma e senón o fixo foi por interés partidista, naquel intre eles controlaban o voto do emigrante e lle era favorable, e non lle interesou en absoluto; agora mesmo están na oposición e sí lles interesa cambiar a dirección destes votos, agora lles interesa a legalidade, nos parece correcto pero xa deberon facélo moito antes.
O BNG, mantendo a coherencia de todos estes anos, que sempre estivemos pedindo isto, creemos que xa é hora de sacálo adiante, esté gobernando quen esté en Madrid ou na Xunta e polo tanto xa que é unha competencia de Madrid deben de resolvélo dunha maneira inmediata e que nas próximas eleccións os votos dos veciños e das veciñas, dos galegos e das galegas, valgan tanto os dos que votamos na urna como os dos que están no exterior. Para nós é importantísimo que isto saia adiante.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Nos parece moi ben este tema, esperemos que se vaia regulando, pero hai moitos aspectos do voto emigrante que habería que traballar moito máis, sobre todo tendo en conta que nun Concello como Baiona no que temos case 1.000 persoas censadas en América, ter facilidais para acceder a esas persoas; para iso na época da campaña electoral das municipais a propia Xunta Electoral tería que facilitar os censos dos emigrantes con antelación, para que poidan chegar alí as comunicacións en igualdade de condicións de todos os grupos políticos e que se fagan unhas eleccións en condicións, e si se pode facer campaña neses países pois que todos teñamos as mesmas condicións para poder acudir a eses países e falar cos emigrantes; isto lóxicamente ten que contar coa implicación por parte do goberno e non só falar do voto en urna senón que eu confío en que se adopten cantas medidas sexan necesarias para que unha vez aprobada a Lei se dé cumprimento con carácter de urxencia ó contido da reforma orgánica electoral e que se abarquen todos estes temas, xa que pode dar lugar moitas veces a auténticos pucherazos, todos sabemos o que pode pasar se isto non se controla ben; non obstante eu confío en que o Goberno cando tome unha medida lla faga con todas as consecuencias para facilitar a transparencia, e pola nosa banda creemos que o voto en urna é correcto xa que o voto rogado tal e como se ben facendo supón uns trámites as veces insalvables, ata o punto de que cántos votos chegan aquí de emigrantes: moi poucos, realmente moi poucos cando poderían chegar moitos máis. Todo o que se avance neste senso a nós parécenos positivo.
Outra historia é se os emigrantes que están tan lonxe coñecen a realidade política do día a día do Concello, iso xa é moito máis complicado e ata que punto poden condicionar no futuro a vida política municipal, todo ten os seus pros e seus contras; ao mellor nunhas eleccións xerais a cousa é moito máis fácil; non obstante creemos que todo o que sexa facilitar a votación en urna sempre é positivo, como se fai aquí nos Consulados de países de América incluso, que politicamente podían estar máis retrasados que nós nesa materia pero sen embargo votan en urna e despois se traslada a través do Consulado o resultado electoral. Creemos que o voto en urna sempre é moito máis transparente que o voto clientelista que moitas veces se fai, ou o voto exclusivista, todos sabemos o que pasou en Venezuela nas pasadas eleccións onde había unha tendencia ó voto do PP e logo en Correos quedaron moitas sacas alí sen abrir, porque a tendencia política dese país non era precisamente favorecer ó PP, e tamén pode pasar ó revés; o voto en urna me parece a medida máis transparente; de todos os xeitos son os grandes partidos

que gobernan no Estado os que tomarán esa decisión, nós podemos dar a nosa opinión e así o decimos; estamos a favor do punto.

**SR.ALCALDE**.- Lóxicamente aceptamos a enmenda.
Hai un tema sobre o voto en Galicia que creo que habería que tocar tamén: agora hai un colectivo importante que non pode votar, que son os mariñeiros, a día de hoxe non poden prácticamente votar, teñen que coincidir unha serie de circunstancias extranísimas para que o poidan facer; é moito máis difícil para eles que para os emigrantes; o teñen prácticamente imposible, e creo que dende aquí deberíamos tomar unha iniciativa que poidamos levar adiante.

**SRA.PEREZ VIEIRIA, PSOE**.- Os que están de ERASMUS nos países europeos sí que poden.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da enmenda solicitada polo PSOE e BNG, resultando aprobada por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda APROBA-LA ENMENDA.**

---

**O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:**

**APROBAR A MOCION DO EQUIPO DE GOBERNO, COA ENMENDA PRESENTADA POLO PSOE E BNG, RELATIVA O DEREITO DE VOTO DAS PERSOAS RESIDENTES NO EXTERIOR.**

**PRIMERO.- El Ayuntamiento de Baiona insta a los Grupos Parlamentarios de las Cortes Generales para que, con carácter de urgencia, aprueben la Proposición de Ley Orgánica de modificación de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de julio, del Régimen Electoral General, presentada por el Parlamento de Galicia y apoyada unanimemente por los grupos parlamentarios del BNG, PSOE, y PP, para posibilitar la homogeneización del procedimiento de voto de las personas residentes en el exterior con el resto de la ciudadanía, en los términos que se expresan en la misma.**

**SEGUNDO.- Instar al Gobierno para que proceda a tomar cuantas medidas sean necesarias para que, una vez aprobada la reforma de la Ley, se de cumplimiento con carácter de urgencia al contenido de la referida reforma de la Ley Orgánica Electoral General.**

**TERCERO.- Dar traslado de estos acuerdos a los Portavoces Parlamentarios en la Subcomisión sobre las posibles modificaciones del Régimen Electoral (Comisión Constitucional) del Congreso de los Diputados.”**

**10.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN EXTRAORDINARIA DE SEGUIMENTOS DOS PROXECTOS A REALIZAR POLO CONCELLO DE BAIONA Ó BEIRO DO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.**

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.LORES, PSOE,** quen explica que a devandita Moción xa fora presentada na Comisión Informativa onde plantexouse algunha enmenda que foi aceptada por case todos os grupos. Procede á lectura da seguinte **MOCION**:

**" O Grupo Municipal Socialista, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta esta MOCION sobre a aplicación no concello do fondo extraordinario de investimento públicos, en base á seguinte:**

**EXPOSICION DE MOTIVOS**

**O goberno de España ven de crear un Fondo de Investimento Público de 8.000 millóns de euros, con obxecto de crear 200.000 postos de traballo. Este instrumento, destinado a una execución inmediata, obriga aos concellos a presentar propostas nas próximas semanas, para financiar proxectos non incluídos nos orzamentos do año 2009 en ámbitos de competencia local. Propostas que serán avaliadas con extrema rapidez polo Ministerio de Administracións Públicas para que as obras sexan iniciadas entre o 11 de xaneiro e o 13 de abril de 2009.**
**É preciso que o programa de obras sexa aprobado polo Pleno da Corporación Municipal e que inclúa a contratación de persoas procedentes dos rexistros de desemprego.**
**Esta é una oportunidade de satisfacer necesidades dos nosos cidadáns que o noso concello non debe desaproveitar. É preciso facer un esforzo conxunto para que os proxectos sexan adecuados e para que as decisión municipais incorporen o respaldo de todos.**
**Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte coa máxima urxencia os seguintes ACORDOS.**

**O Concello de Baiona declara o seu acordo co Fondo de Investimento Público Local creado polo goberno de España e manifesta a súa intención de facer uso do mesmo sen ningunha dilación.**
**O Concello de Baiona crea una Comisión Extraordinaria formada por un representante do Goberno Local e de cada un dos Grupos Municipais integrantes da corporación para preparar os proxectos que se presentarán a Xunta de Goberno Local para iniciar os tramites de súa solicitude ao Ministerio de Administración Públicas.**
**Esta Comisión Extraordinaria funcionará ata o remate do programa como Comisión de Seguimento dos proxectos asignados, para garantir que na súa licitación, adxudicación, realización e xustificación cúmprese os obxectivos do Fondo – singularmente o de creación de emprego"**

---

**Continúa.-** En principio isto foi iniciativa do Goberno de España, creo que para os Concellos é unha medida importante por duas razóns: unha, polo seu investimento; a Baiona creo que lle corresponde sobre 170 euros por habitante polo tanto estaríamos cerca de 2 millóns e medio de euros para facer obras no noso Concello; e outra, que ten outro obxetivo, que é a xeneración de emprego; todas as iniciativas encamiñadas a xenerar emprego son moi importantes para todos os Concellos e tamén para Baiona; estamos falando xa de intereses moi xerais que polo que se vé aquí, e é unha realidade, todos os grupos estamos a tirar para adiante neste tipo de proxectos para tratar de paliar a situación económica destes momentos e procurar que a calidade de vida dos nosos veciños non se devalúe.

**SR.RODAL, PP**.- Desde el PP apoyaremos esta Moción para que vean que desde el equipo de gobierno siempre trabajamos con la mayor transparencia posible y queremos que sean partícipes de este fondo de inversión que obviamente traerá unos 2 millones de euros para mejoras en las distintas Parroquias de nuestro Municipio, pero que realmente es una medida que se tomó de una forma precipitada y no está estudiada del todo; por ejemplo, todo el
personal, todos los trabajadores, tienen que estar en el desempleo, eso será una cosa muy difícil, que todas las empresas que vengan a trabajar, que todos los trabajadores que realicen ese trabajo en todo el territorio estatal, de los 8 millones de euros, sean desempleados; para ciertos trabajos hay un perfil que no lo podrán encontrar en el desempleo, a lo mejor, en este momento, pero bueno, son unas medidas que obviamente aceptamos. Lo que presenta la Moción y apoyamos es que se cree una Comisión extraordinaria formada por un representante de cada agrupación política.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nos parece moi ben que o Sr.Rodal esté preocupado con que poida haber paro en Baiona, ou que poida non haber xente para poder empregar e facer os traballos; creemos que é unha boa medida para paliar parte da crisis e dende logo vamos a solidarizarnos co equipo de goberno por se algún tirón de orellas lle dá o Sr.Feijoo por apoiar este tipo de iniciativas do Goberno Central, xa que manifestou a sua contrariedade a todas luces nos medios de prensa. Non se preocupe Sr.Alcalde, que vamos a estar ó seu lado, apoiándoos; para nós é unha boa medida aínda que para o seu xefe de filas sexa ó contrario. Estamos de acordo co texto da Moción e co seu fín, e vamos a participar activamente (como temos feito noutras Comisións) para poder aportar todo o que poidamos a este plan.

**SR.VILAR, CMÑ.-** No punto 2º pón que se crea unha Comisión Extraordinaria para "preparar os proxectos"; será para "debatir" os proxectos que presentemos, non para preparálos, porque de feito nós, con responsabilidade de goberno, estamos xa preparando unha serie de proxectos; terá que ser "para debatir os proxectos", isto é moi importante aclarálo; e por suposto se alguén da Corporación presenta un proxecto importante será cuestión de falálo.
Eu penso que realmente este tema é un parche, é un parche que por moito que nos beneficie directamente ós Concellos, sinal de que o Goberno Central xa non se fía dos gobernos autonómicos, ¿non?, porque os gobernos autonómicos están recibindo moitos cartos e llos están empregando ao mellor en cousas que non resolven o auténtico problema do paro; aquí todo o que está caíndo é moi grave, o que está pasando en España, e ista é unha medida para intentar paliar o tema do desemprego, ou polo menos para intentar "maquillálo". Nós, lóxicamente, como Administración Local, collemos estes cartos e os vamos a empregar; a este goberno non nos chegan as ideas que temos para transformar Baiona e para crear aquí, dentro das nosas

posibilidais, traballo; os proxectos que se van a presentar van ser sobre todo para mellorar a calidade de vida dos baioneses.
Nestes momentos o Goberno ten un problema, está dando bandazos constantemente, cada vez está creando medidas, non sabemos cál vai a ser a próxima coa que nos vai a sorprender, para paliar o problema do paro; o tema é gravísimo, no resto de Europa hai unha crisis financieira como en todo o mundo, pero non hai o problema do paro como existe en España, e como existe realmente en Baiona; en Baiona a situación é gravísima; este problema o estamos padecindo todos en parte porque hai unha mala política por parte do Goberno Central, e xa non digamos por parte da Xunta de Galicia. A Xunta, en parte, é culpable desta situación; aquí se lle pegou unha leche terrible o planeamento urbanístico e isto provocou que se creara paro; aquí hai uns responsables que son o Goberno do Sr.Zapatero e a Xunta do Sr.Touriño; non se fixo un Plan de emprego en condicións, non se protexiron as pequenas empresas, cada vez pechan máis empresas e se intenta crear agora traballo con estas medidas que benvidas sexan porque ó final son cartos que nos van a pór aquí enriba da mesa e que nós vamos a empregar, pero non son a auténtica solución ó que está caíndo. Teño que ser crítico con todo o que está pasando, isto cada vez se complica moito máis. Estamos de acordo coa Moción, pero teño que decir que isto é un parche e esperaremos a ver cal é o próximo parche que nos cae.

**SR.LORES, PSOE.-** Agradecer a todos o apoio á Moción, e teño que decir que "benvidos sexan esos parches, Sr.Vilar", non hai en toda a Comunidade Europea unha medida deste tipo excepto unha que fixo o Presidente francés que puxo a disposición dos Concellos 2.500 millóns de euros, como préstamo a interés 0. Se isto é un parche, benvido sexa, benvido sexa un Goberno que toma decisións, que intenta paliar unha crisis que por certo é a nivel mundial. Todas as Administracións, incluído o Concello de Baiona, teñen que tomar medidas deste tipo, e nós estamos por iso; sabemos que neste momento tamén o goberno de Baiona vai asumir este proxecto con eses obxetivos de inversión pública, que facilita outros tipos de inversión, pero ten que pasar por inversión públíca, e tamén o outro obxetivo que é xenerar emprego; esas medidas son as que hai que tomar nun momento de crisis. Si a toma de decisións vostede lle chama "parches", benvidos sexan eses "parches", pero por fin hai un goberno que toma decisións e afronta unha crisis.
Si vostede di que se hai paro en España é responsabilidade do Goberno de España, que se hai paro en Galicia é responsabilidade do Goberno da Xunta, entón entendo que si hai paro en Baiona tamén será responsabilidade do goberno de Baiona; eu non penso así, pero según o seu razoamento debe ser así, terán vostedes algunha responsabilidade.
Eu confío na responsabilidade deste goberno e o están demostrando aprobando esta moción, polo tanto confiemos no Goberno de España e no goberno de Baiona que está tomando unha moción para adoptar medidas.

**SR.RODAL, PP.-** Hay un refrán que dice que la inteligencia tiene un límite y la tonteria no; no voy a hablar de crisis, ya se habló lo suficiente aquí, Solbes también habla de crisis todos los días, hasta cuando no quiere hablar. Desde nuestra posición de equipo de gobierno pondremos a buen recaudo este dinero, intentaremos solucionar dentro de lo posible el tema del desempleo, y entre todos veremos los mejores proyectos que se tendrán que presentar antes del 24 de enero, y esperemos que por igualdad salga beneficiado tanto el centro de Baiona como todas las parroquias.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Respecto ás manifestacións do señor Vilar, a verdade é que non teñen desperdicio; o outro día saíu na prensa que o Concello de Baiona era no que máis índice de paro

existía, e digo eu que algo terá que ver o goberno local; llo digo porque vostedes, e iso o reflexan no seu proxecto político, incluso no proxecto do PXOU, están baseando a economía deste Concello no sector terciario, e seguen empeñados en facélo, ou sexa, se potencian as infraestructuras hoteleiras e deportivas a un nivel alto frente a polígonos industriais.
Cando acaece unha crisis como a que estamos vivindo resulta que ó sector terciario é ao que máis afecta, evidentemente, a xente non vai a vir de turismo cando non ten para comer diariamente; polo tanto sí algo, en pequena medida, inflúen as politicas locais; se nós facilitamos solo para instalarse empresas pois resulta que teremos un polígono industrial onde o traballo sexa estable os 12 meses do ano, e non durante 3.
O goberno local tamén inflúe na crisis aínda que sexa cun grao de area, e lle digo como, dixemosllo aquí no Pleno cando vostedes decidiron subir as taxas; dixemosllo, que era un grao de area, pequeniño, pero importante, para os comerciantes e empresarios de Baiona; lles dixemos que podían esperar ó ano que ven por se a cousa ía mellor, como o fixeron cando lles interesou políticamente porque viñan eleccións e non lles interesaba subílas.
E ademáis tamén vostedes propiciaron a precariedade laboral no ambito municipal cando privatizaron varios servizos municipais, limpeza, Pavillón, etc., polo tanto sí inflúen os gobernos na crisis, dalgunha maneira. Vostede non pode achacar a crisis nin ó Goberno de España nin á Xunta, unha migalla pode influir, pero non da maneira que vostede dí que parece que son eles os máximos responsables. O sistema non sirve, o sistema económico mundial non vale, está caduco, está fora de lugar, e o sistema neoliberal que os partidos conservadores levan vostedes defendendo toda a vida; ese é o sistema que faia, e mentres non se resolva non vai a cambiar nada, e iso dicen os grandes entendidos na materia, non o digo eu. O sistema neoliberal fai augas por todos os lados, ese é o gran problema; o que pasa en Norteamerica repercute aquí, e o que pasa aquí tamén repercute noutros sitios.
Eses 2 millóns de euros en todo caso é unha cifra importante que ben administrada pode resolver o problema dos parados e ó mesmo tempo resolver outros problemas que existen neste Concello. Pola nosa parte vamos a apoiar a Moción.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Veñen uns cartos dos fondos do Estado que benvidos sexan, se van a empregar en obra pública, será unha satisfacción para todos, e nós, o goberno local, facemos os deberes coa máxima transparencia e non se vai a deixar un duro por invertir neste plan; polo tanto nós estamos a favor desta moción presentada polo PSOE, e nos parece moi ben apoiála, como se fora presentada polo BNG; pero eu, como cidadán, non podo tapar os ollos para non ver o que está pasando neste pais; a política socialista é moi parecida á que fixeran os peronistas en Arxentina, mentras están as arcas do Estado cheas se reparte con parches; e ésta é unha desas medidas que se fan en parte para paliar o paro que existe en España que é o pais de Europa que máis paro ten, e os causantes en parte deste problema son as políticas socialistas, e neste caso tamén inclúo ó BNG co que está facendo co plan de Vivenda, que é un plan máis parecido o sistema soviético de facer grandes bloques de vivendas co obxeto de empregar uns cartos que teñen ahí e que non saben que facer con eles; o problema é moi grande, miren o que vai a pasar en Nigrán, ou en Gondomar, ou na maioría dos Concellos de Galicia onde implantaron ese plan de vivenda; porque non se cree no planeamento urbanístico, cando este planeamento é a clave para crecer ordeadamente e para non pegarlle ese corte que lle pegaron á construcción e non saben agora como sair dél.
Cando vostedes falan do paro falan da estadística do INEM de Baiona, pero abarca tamén a Nigrán, Gondomar, e Santa María de Oia, é lóxico, a maioría de parados son parados da construcción, tamén da industria de Vigo, son veciños víctimas desa inoperancia que existe no

Goberno tanto de España como da Xunta, e todo isto se pretende maquillar, e lle vou a dar un dato: aquí en Baiona existe agora outra oficiña de emprego: a sede do PSOE; é outra oficiña de emprego a través dun organismo que se chama TRAGSA; militantes do PSOE de Baiona están chamando a parados para facerlles contrato sen rigor algún, sen sair incluso das listas do INEM e lle están dando contratos de 6 meses en TRAGSA para maquillar o paro antes das eleccións.
Aínda máis: fai uns meses fixemos unha limpeza de ríos en Baiona con Aguas de Galicia, pois agora TRAGSA ten tanto persoal contratado que non sabe que facer con eles, e ¿sabe o que vai facer?, pois volver a limpar os ríos de Baiona que xa antes se habían limpado. Isto é gravísimo, isto o fai o PSOE para maquillar o paro; ¿vostede cree que se pode sair do paro con este tipo de medidas?. Tome nota, Sr.Fernández, que moita xente que antes votaba ó BNG agora pode votar ó PSOE. Isto é así, desgraciadamente, se está administrando a misería e a situación difícil que están atravesando moitas persoas por estas empresas que están sendo, dalgún xeito, manipuladas polo goberno socialista.
Polo tanto crea que a situación que vive España é en parte por culpa do Goberno; e aquí os únicos que xeneran emprego son os empresarios, as pequenas empresas, que deberían recibir todas as axudas posibles para que disminúa o paro en España, que é a maior traxedia que temos e vamos a seguir sufrindo o próximo ano.
Por todo isto eu son crítico con estas medidas, independentemente de que apoiemos esta moción porque o fin e ó cabo son inversións para Baiona, se van a facer obras e nós non podemos estar en contra de iso, todo o contrario: cantos máis cartos veñan moito mellor.

**SR.ALCALDE**.- Creo que a veces perdemos a perspectiva; para un Concello estes cartos que nos chegan correndo e a prisa, facendo proxecto, etc., están ben e os vamos a utilizar, lóxicamente; pero hai un problema de fondo moito máis serio que é a financiación local, ¿porqué en Francia non necesita o Goberno darlle ós Concellos cantidades extraordinarias?, pois porque Pornic, por exemplo, ten un presuposto 4 veces superior ó de Baiona, reciben todos os fondos directamente do Goberno e con eles fan as obras que consideran oportunas, dan os servizos que consideran oportunos, e lóxicamente unha crisis como ésta aféctalle moito menos.
Estamos de acordo en recibir estes fondos e vamos a darlle a mellor utilidade pero como dí Manolo Vilar, é certo, isto é un parche; é decir, como moito o obxetivo é que haxa 200.000 parados menos, nun mes, como foi o de outubro ou novembro, pero son parados que se incrementaron, e a xente das oficiñas do INEM coñecen perfectamente como é a evolución do paro en España e dín que o preocupante non é que haxa parados, que haxa moita xente nas listas das oficiñas do INEM, senón que está habendo xente que facía máis de 15 anos que non ía pola oficiña do INEM, é decir, que tiñan un traballo estable, e neste momento se están rompendo postos de traballo estables; isto é o máis preocupante.
Evidentemente, isto está ben, perfecto, nos ven moi ben, pero este parche non vai a cambiar nin a economía nin a financiación dos Concellos, desgraciadamente; nin tampouco creo que vaia a cambiar a perspectiva. E sobre o que se falou da crisis, do neoliberalismo, hai un problema mundial, ben; pero o problema español é un problema moi, moi especial, e Sr.Xose Enrique: o muro de Berlín caíu fai moito tempo, é decir, aquí o problema é que ao mellor as cousas non están facéndose ben; pero non hai que falar de grandes problemas económicos, o marxismo como tal se fundíu, e o gran problema é seguramente a aplicación que se faga de cada sistema, e (eu son ao mellor dos da vella escola) ten que haber aforro, a xente ten que aforrar, senón se aforra chegamos a situacións como ésta na que de repente se apreta a parte crediticia e se ven todo abaixo, estamos vivindo seguramente por encima das nosas posibilidais, iso é así. O que non se entende é outra medida que hoxe se publica, que o PSOE a nivel estatal fai unha desgravación ás grandes

fortunas que posúen os bancos para que non paguen con carácter retroactivo, 2008; que deixe o Estado de recaudar unha cantidade importante de xente que ten grandes sumas de diñeiro nas entidades financieiras; iso sí que creo que non é unha medida, nin é parche, nin é nada; a base da recaudación que ó final afecta ó Estado, e lóxicamente afecta a todos, e ós Concellos tamén, como non pode ser doutra forma.
Creo que se queremos falar do futuro dos Concellos temos que plantexar un cambio da financiación local; non podemos seguir nesta situación de que hoxe nos dá o Goberno esta cantidade, mañá a Deputación, ou a Xunta, esa imaxe de que os Alcaldes ou os concelleiros de España estemos pedindo cartos para facer cousas que serían básicas e necesarias en calquer Concello, e dende logo iso se pode facer cando haxa unha financiación totalmente clara, que non dependa de subvencións, que non dependa de manás que nun momento determinado poidan caer do ceo. Vamos a recibir estes cartos pero dende logo esta medida non é a resposta nin á financiación local nin por suposto ó tema da crisis que temos actualmente en España.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Manolo Vilar, entendo que vostede esté preocupado coa suposta oferta clientelar que está facendo o PSOE de Baiona con TRAGSA, eu o entendo porque agora en vez dunha oficiña hai duas, antes era a oficiña do Sr.Vilar e agora é a oficiña do Sr.Vilar e a do PSOE de Baiona; polo tanto ao mellor terá que acudir a outros Concellos para meter a máis xente, estará preocupado porque vai quedar sen facer a sua política clientelar como leva feito durante todo este tempo que está gobernando. En todo caso nós non estamos de acordo con ese tipo de políticas.
Sr.Alcalde, este suposto “parche”, como lle chaman vostedes, non está (creo eu) pensado para resolver a economía e a crisis que sufren os Concellos; non está para iso; está para resolver o tema, aínda que sexa de maneira temporal e moi pequena, do paro; da xente que está na rúa sen gañar nin un só pataco durante todo un mes e que ten que alimentar a toda unha familia e pagar hipotecas e préstamos.
Por outro lado decirlle a vostede que non sei onde leíu o artigo do que falaba de que o PSOE desgravaba ás grandes fortunas, non sei se será no “Mundo” pero probablemente sí porque sole sacar de contexto algunas veces informacións de maneira interesada; se fora así, nunca mellor dito, o “mundo” estaría ó revés; un partido socialista que se chame socialista que saque unha orde deste tipo suporía un mundo ó revés, penso eu.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Para rematar decir que esperemos que os xubilados, pensionistas, e a seguridade deste pais non den en quiebra, nada máis.

**SR.LORES, PSOE.-** Decir que ista é unha boa medida para todos os Concellos, tamén para o Concello de Baiona, polo tanto é xa responsabilidade de todos os grupos políticos que a apoiaron; en canto ás manifestacións feitas polo compañeiro de Corporación, Sr.Vilar, dá a impresión de que sí iniciouse xa a campaña electoral e que está buscando un pequeno oco para ir nas listas autonómicas do PP porque é un discurso contundente que busca espazos; pola nosa banda estaríamos encantados de que vostede tivera un posto destacados nesas listas e que poderá ser un bó parlamentario do PP; non temos nada en contra, seguro que o felicitaríamos.
Respecto o dito polo Sr.Alcalde, eu comparto moitas das suas afirmacións e que isto pasa por un debate da financiación local, iso sería un debate interesante; e tamén é certo que o PP se acorde agora deste debate pois é curioso, pero incluso pasaría pola viabilidade ou non, ou pola eficacia das Deputacións Provinciais, ou sexa que sería un debate profundo que haberá que plantexar nalgún momento. Para rematar, agradecer o apoio de todos os grupos.

**SR.ALCALDE.-** Atopei un recorte do "FARO DE VIGO" do vénres 4 de marzo de 2005, polo comentario que fai sempre Xose Enrique do tema do turismo, de que basamos toda a economía no turismo, etc., e dí: "*Quintana defiende la conexión de la comarca por autopista*", (é unha visita do Sr.Quintana o 4.3.05); e dí tamén: "*por otro lado Quintana abogó por las iniciativas que contribuyan a la desestacionalización del turismo, otra de las necesidades transmitidas por los nacionalistas locales"*, !benvido ó mundo do século XXI!.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Estamos en contra de facer un turismo para 3 meses, de iso é do que estamos en contra.

---

**O Sr.Alcalde procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, acorda:**

**APROBAR A MOCION DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN EXTRAORDINARIA DE SEGUIMENTOS DOS PROXECTOS A REALIZAR POLO CONCELLO DE BAIONA Ó BEIRO DO FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.**

## 11.-MOCIONS.

## - MOCION DE URXENCIA DO GRUPO DE GOBERNO.

O Sr.Alcalde cede a palabra ó **SR.RODAL, PP.**

**SR. RODAL, PP.-** La urgencia de esta Moción es porque se está observando que todos los trabajos hechos en la conexión (como se dijo antes, conexión de la que habló Anxo Quintana) entre los Municipios del Val Miñor están llevando un buen ritmo en Gondomar y en Nigrán pero en Baiona no se ve nada, simplemente hubo una pequeña tala de árboles; no entendemos como despues de las enésimas peticiones que hemos hecho, incluso una Moción presentada por el BNG hace 2 meses, no hay ningún tipo de trabajo; este es el motivo de la URGENCIA: pedir de nuevo que inicien ya los trabajos en nuestro Municipio en la zona de Sabarís.

---

**(Neste intre saen sa Sala os señores D.Rafael Estévez e D.Manuel González Marcote, do PSOE).**

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Urxencia da devandita Moción, resultando aprobada por 11 votos a favor (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); fronte a 4 votos en contra (PSOE).**

---

O **SR.RODAL** procede á lectura da MOCION**:**

**MOCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PARTIDO POPULAR E DE COALICION MIÑORANA NO CONCELLO DE BAIONA**

Os voceiros dos grupos municipais do Partido Popular e de Coalición Miñorana do Concello de Baiona, ao abeiro do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan, para a súa discusión, e se é o caso a súa aprobación no Pleno Ordinario a seguinte:

MOCIÓN

Sabedores de que a intercomunicación entre Nigrán, Gondomar e Baiona, foi e segue a ser, unha demanda conxunta e reiterada por parte dos grupos políticos, organismos, institucións e colectivos veciñais, por ser unha prioridade para o desenvolvemento económico e social da comarca.

E tendo en conta que as obras de enlace coa autoestrada tanto en Nigrán como en Gondomar están moi adiantadas, e unha vez coñecida que as actuacións previstas para enlazar Sabarís con Baiona por autoestrada, e mesmo cos concellos limítrofes a través de dito vial están sen comenzar. Ao que hai que engadir, que seguen sen executarse actuacións pendentes dende a inauguración da autoestrada, como poden ser a rotonda de saída do vial de alta capacidade en Sabarís, ou os accesos que a circundan. A día de hoxe todo segue igual malia as múltiples peticións, acordos, compromisos e convenios asinados para emendar a división do territorio que supuxo no seu día a construción da autoestrada do Val Miñor.

Presentan ao pleno a presente moción coa intención de dirixirse unha vez máis á Consellería de Política Territorial instando aos seus responsables a cumplir os compromisos adquiridos ca veciñanza de Baiona.

Para entender mellor esta petición quizais haxa que facer un pouco de historia e remontarnos o ano 2005. E máis concretamente ao pleno realizado neste mesmo lugar o 29 de xaneiro. Na referida sesión, foi aprobada por unanimidade unha moción asinada por dona Isabel Domínguez, (hoxe delegada da Consellería de Política Territorial) á que se engadiu, as instancias do grupo popular, unha emenda que foi recollida tal cual. A proposta inicial dicía o seguinte: "*que se inste a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a realizar as xestións precisas ante Autoestradas de Galicia (ENA) para dotar a Baiona do vial de circunvalación ó traverso da Autopista e Autovía, así como a apertura dun novo vial de accesos dende a Autovía ó centro de Baiona que complemente a P-552".* Á que, como dicíamos, as instancias do grupo de goberno concretouse algo máis incluindo: *a construción da ponte para tráfico rodado que restaure a conexión entre as dúas partes do barrio de San Antón, que quedaron divididas pola construción da autoestrada". Por certo, esto é o único que se executou ata o de agora*.

Abondando un pouco máis, o 17 de xuño de 2005, os tres alcaldes do Val Miñor, o Conselleiro de Política Territorial, e un representante de Autopistas de Galicia asinamos un convenio para a execución de ramais de enlace coa Autopista AG-57. No documento quedaron recollidas as necesidades da poboación miñorana en materia de infraestruturas e a necesidade de mellorar a accesibilidade a través do citado vial. Os estudos realizados concluen que para dar solución

aos problemas presentados é imprescindible executar enlaces en Sabarís, Nigrán e A Ramallosa que permitan a interconexión entre os veciños dos tres concellos.

Afondando no dito, no pleno celebrado o 1 de xullo de 2006 aprobouse dirixirse á Consellería de Política Territorial para que dentro das súas competencias levara a cabo e sen demora o cumprimento do convenio asinado entre a Consellería e mailo Concello de Baiona, no que figuraban as seguintes obras:

1º) Reordenación do acceso dende a AG-57, mellora da intersección en Sabarís e pavimentación das vías de servizo.

2º) Urbanización da glorieta Cruceiro de Colón e da Praza de Santa Liberata.
Noutro dos Plenos celebrados por esta Corporación en 2008, a instancias do BNG, e aprobada cos votos favorables do PP, CMÑ, e a abstención do PSOE, acordouxe dirixirse á Consellería de Política Territorial solicitando*:*
1.- A creación de cunetas dos viais laterais de servizo na AG-57 saída de Sabarís.
2.-Asfaltado das vías de servizo na mesma saída.
3.-Arranxo definitivo da rotonda provisional situada en Sabarís.
4.-Solución definitiva a pasarela instalada neste mesmo enlace da Autoestrada.

Tendo en conta todas estas consideracións feitas en distintos momentos por todos e cada ún dos grupos con representación no Concello de Baiona, o Pleno, ante o medo a que o noso municipio sexa unha vez máis excluído das obras,

**SOLICITAMOS:**

**1.- O cumprimento dos acordos sinalados nesta moción e moi especialmente a axilización da interconexión por vía de alta capacidade entre Sabarís e Baredo. A creación de cunetas nos dous viais laterais de servizo na autoestrada AG-57, saída de Sabarís. O asfaltado das vías de servizo da citada saída. Unha solución definitiva a rotonda provisional situada na entrada de Sabarís e o mesmo tratamento definitivo para a pasarela instalada neste mesmo enlace da autoestrada.**

**2.- A remisión deste acordo á Consellería de Política Territorial.**

---

**SR.LORES, PSOE**.- E unha lástima porque ata agora, neste Pleno, o PSOE non votou que non a nada, e ó final o PP ten interés en que o partido socialista exercite dunha forma pragmática a sua oposición tendo que votar nalgún punto que non.
Aparte da moción do 2005, fai un par de meses, o 17 de xuño, volveuse a facer outra Moción, bueno, creo que o goberno ten que facer algo máis que facer mocións; ten que traballar para que os proxectos veñan para Baiona; nós entendemos que o goberno ten que cambiar de actitude; debe haber algo máis que este tipo de mocións, de pedradas, por decílo dalguna forma, ó Goberno da Xunta. Isto por un lado; por outro, por informacións que nós temos dos posibles retrasos nesa rotonda, é porque parece que se atoparon restos dun camiño medieval e a Consellería de Cultura fixo ahí unha intervención paralizando as obras para ó parecer facer

unha ponte, iso é o que nos chegou a nós: que hai unha paralización parcial por un camiño medieval.
De todos os xeitos esta é unha cuestión técnica, pero o que sí queremos destacar é que políticamente os gobernos teñen que facer algo máis que presentar mocións ós Plenos; aquí hai un equipo que ten que traballar para que as inversións en Baiona se fagan realidade; polo tanto vamos a votar que non, por suposto.

**SR.ALCALDE.-** Explíqueme que ten que facer este goberno ¿arrastrarse ante a Consellería, ou coller o pico e a pala para facer os traballos?. Nós non sabemos nada dese camiño medieval, Xose Enrique, ¿tes información?.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Igual sí; eu non sabía que isa era a excusa, pero eu podo aportar a información que teño; por se non coñece, o camiño medieval que vai dende Sabarís á Garda pasa por debaixo da autoestrada, e leva pasando dende os romanos. Polo menos a concelleira de Urbanismo atende ó que se dí nos Plenos.

**SR.ALCALDE**.- Eu pensei que se había atopado unha nova Pompeya ahí.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Me imaxino que o compañeiro do PSOE que deu as explicacións se referirá a que ahí hai un camiño romano que está protexido e que cando se fixeron as obras da autoestrada se tomaron medidas correctoras para protexélo, e se fixo; naquel momento estaba Manolo Vilar de Alcalde e non sei si se enteraría dese tema, pero eu me enterei porque era o Presidente dos afectados e ademáis coñezo ben a zona. Se tomaron medidas correctoras e parece ser que neste proxecto de ampliación ou de conexión dos viais novos non viñan esas medidas correctoras; eu non sei si este é o motivo da paralización pero o que sí é certo é que esta semana había máquinas traballando alí e estiveron iniciando unha especie de explanamento, pero non na zona do camiño senón fora do camiño; pero ó día seguinte xa non estaban alí.
Unha cuestión similar á que está sucedendo na EDAR de Baredo, exactamente igual.
Non sei si é por este suposto ou por estratexia da empresa, non o sei, pero en todo caso o que temos claro é que si alguén dubidaba que había que empezar a campaña agora xa debe de télo claro; ademáis nos alegra a Moción porque se vemos a moción e a que presentou o BNG é a mesma, polo tanto que nos copien as mocións é un orgullo para nós porque sabemos que vamos na boa dirección; nós temos que apoiála porque literalmente é a mesma. Estamos de acordo non na exposición, pero sí no que se solicita; creo que non é malo recordarlle á COPTOPV que seguimos insistindo e que se deben facer as cousas comprometidas en épocas postelectorais, de maneira irregular algunhas délas, sen orzamento me refiro polo de “irregular”,  é decir, que de cara á galería se fixeron moitas promesas por parte do Sr.Feijoo, e vostedes están en todo o dereito de que se cumpran e nos parece correcto.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Esta moción que en principio víu por Urxencia é quizás unha das que vai a crear maior polémica en Baiona estes días; estou moi preocupado polo que acabo de oir aquí, que eu descoñecía, e chego a unha conclusión: posiblemente non se fagan os enlaces de Sabarís; teño a impresión de que non se van a facer, e que se van a rematar os da zona de Gondomar pero non éstes.
Eu recordo unha das primeiras entrevistas que tivemos coa Delegada e se falou do tema de que se ía arranxar a primeira rotonda de enlace coa avenida urbana de Sabarís, e incluso nos

enseñaran un proxecto que se ía facer unha especie de bulevard para eliminar esa rotonda, e ata agora alí non se tocou nada; seguimos coa rotonda de plástico no Camiño Real. Por suposto, o convenio que había firmado para urbanizar a rúa Marqués de Quintanar ata Santa Liberata que eu sepa alí se cambiaron os servizos soterrados pero en cambio na parte superficial a COPTOPV non deu ningunha sinal de vida.
As peticións presentadas por parte do BNG, que recibíu o noso apoio incuestionable, como era o asfaltado das vías de servizo da baixada da autopista, o arranxo definitivo da rotonda, ou unha solución definitiva á pasarela, tampouco deron resultado, non se fixo nada, polo tanto creo que estamos ante unha situación gravísima.
Fai uns días pensaba que se ía a resolver o problema do enlace de Sabarís con Baredo, e que agora estaban traballando alí as máquinas e logo verían aquí, pero despois do que acabo de escoitar aquí creo que esa obra non se vai a facer e lle van a dar largas, como a todo isto que figura aquí.
Eu non sei, Sr.Presidente, se Baiona terá que sair de novo á rúa; de feito nós tivemos que sair á rúa cando foi o tema do porto e tamén noutras ocasións; agora, este tema dos restos medievais, son sen dúbida excusas para non facer a obra; todos sabemos a quen temos enfrente e como llas gastan, pero eu tamén creo que ó final non vamos a ter máis remedio que movilizarnos. Vamos a aprobar agora aquí unha moción e hai que dar un márxe de confianza, porque se as máquinas non se poñen a traballar ahí seguramente é porque isto non se vai a facer; porque restos medievais aparecen en calquer sitio, en calquer sitio vostede excava, aparece unha pedra e seguro que o orixe arqueolóxico desa pedra se remonta á época medieval e incluso ó paliolítico; iso son disculpas; non son restos que estén catalogados; a mín me dín que aparece un resto catalogado por Patrimonio, que dalgún xeito hai un castro, hai algunha actuación dese tipo, pois moi ben, pero que non me monten películas. Este é un tema o suficientemente grave como para non baixar a guardia, estar á expectativa das nosas reivindicacións. Polo tanto eu estou moi preocupado polo que acabo de escoitar aquí; non obstante vamos a apoiar esta moción porque me parece máis oportuna que nunca.

**SR.RODAL, PP.-** Sr.Fernández, esperemos que esta sexa a última vez que presentamos esta moción; fai uns meses a iniciativa foi súa, agora estamos aquí os dous, esperemos que os traballos se leven a cabo ¿non?.
Vou leer un informe enviado á Alcaldía por Política Territorial de setembro do 2006, que ó final dí: "*Esta delegada (*Sra.Domínguez*) transmitiulle que na rúa Elduayen detectaronse polos técnicos desta Consellería a existencia de fundimentos na calzada e que antes de acometer as obras de reforzo do firme* (que xa estaba prevista) *sería convinte facer un estudio dos mesmos, e dado que existen servizos municipais baixo todo o trazado que poderían ser os causantes do lavado das aceras o Concello debería efectuar un informe xeotécnico para poder acometer as obras necesarias para frenar o deterioro dunha zona especialmente sensible por ser o frente do Casco histórico*".
A resposta do Concello tamén foi negativa, "*polo que iniciamos xa os trámites para encargar ditos traballos dende esta Delegación, cuio resultado será comunicado oportunamente*", estamos falando do 28 de setembro do 2006, dous anos, dous meses e 16 días. Esperemos que agora, este tema que estamos falando da conexión en Sabarís, e dado que están próximas as eleccións, pois non ocurra o mesmo.

**SR.LORES, PSOE**.- Non se está decindo que non se vaia a facer, estamos falando dun respeto a algo que hai que estudiar e catalogar, nada máis. Creo que é esaxerada a

preocupación do señor Vilar, por un lado, por outro é comprensible, nunca houbo en Baiona respeto a ningún tipo de iacemento arqueolóxico, nin na Palma, nin no novo porto deportivo, alí tapouse todo, e iso e o que non queremos. Queremos respeto á nosa historia, Sr.Vilar; o cal non vai a impedir que Baiona evolucione e progrese, pero sí vamos a ter respeto, nada máis.

---

**(Neste intre incorpóranse á sesión os señores D.Rafael Estévez e D.Manuel González Marcote, do PSOE).**

---

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Sr.Rodal, non sei se isto vai a tardar 2 anos, ao mellor é un informe moi complexo, en todo caso o que teño que decir é que descoñecía a cuestión que dixo o Sr.Lores pero sí teño que decir que estaría preocupado se por ahí nunca houbera pasado nada, pero se coas medidas correctoras se superou ese camiño romano e se fixeron as obras porque por encima dese camiño pasa a ponte da autoestrada, se salvou esa situación coa ponte, me imaxino que será unha cuestión administrativa e burocrática a que teñen que resolver cun proxecto e poñer encima da mesa unhas medidas correctoras que sigan protexendo ese camiño romano. Eu estou máis preocupado, e volvo a insistir, pola paralización das obras da EDAR, que ós poucos días de inaugurarse se paralizaron e non sei porqué; me refiro á maneira física de traballar no terreo; ao mellor están facendo xestións de proxectos, ou de planos, ou non sei de que tramitación; pero a obra en sí, in situ, está parada, e eu paso por ahí todos os días 2 ou 3 veces, alí non hai palas traballando, nin formigón, dende fai moito tempo, 1 mes ou mes e medio; a día de onte non hai alí actividade ningúnha e non sei cal é o motivo, me extrana moitísimo que fora, como dí a prensa, unha paralización por parte de Industria, me vou a enterar porque non sei dende cando ten que haber unha autorización de Industria para un saneamento. En todo caso, os proxectos e as xestións de enerxía, que sí afectarian a Industria, poden ir parellos á execución das obras; e digo isto porque a mín sí que me preocupa que non se podan cumpir os prazos establecidos porque é que a depuradora xa tiña que estar feita fai moito tempo; cada día de retraso é negativo para Baiona e para toda a poboación: deberíase tomar nota por parte da Alcaldía, e así o vamos a pedir no apartado de ROGOS E PREGUNTAS, e nós, pola nosa parte, xa fixemos no Parlamento Galego, por Rexistro, as preguntas a todo isto que nos preocupa. Ten que continuarse o mesmo ritmo que se estaba facendo para poder cumprir os prazos.

**SR.ALCALDE**.- E unha pena que nun Pleno navideño se pense que esta moción se trae para que o PSOE vote que non, todo o contrario, creo que o partido socialista ten que facer o que ten que facer, pero digo que o voto “non” non está xustificado porque atopamos no archivo histórico un escrito do 29.1.05 unha moción do grupo socialista firmada por Isabel Domínguez que decía: “Que se inste a la Consellería de Política Territorial a realizar as xestións precisas ante Autoestradas de Galicia (AENA) para dotar a Baiona do vial de circunvalación ó traverso da autopista e autovía, así como a apertura dun novo vial de acceso dende a autovía ó centro de Baiona que complemente a P-552”, é decir, o Partido Socialista leva pedindo isto, o que estamos pedindo nós, case 4 anos, ¿porqué vai votar que non hoxe o PSOE si estamos pedindo o mesmo?.
Me preocupa que o Sr.Fernández, en Silleiro, que fai un vento de aupa, controle o que se fai ou non; xa temos un Policía que vai semanalmente alí e fai reportaxes fotográficos, e sí hai evolución, evidentemente esta evolución se nota máis cando hai movementos de terras que

cando se fan conexións eléctricas ou doutro tipo; e sen embargo, vivindo no mellor chalet de Baiona, diante da conexión da autopista, non se de conta de que non se fai nada dende fai 2 meses, que simplemente se talaron 4 árbores e se cortou unha viña; e resulta que se fora a Gondomar ou a Nigrán miraría como hai palas traballando día e noite, 2, 3 turnos de traballo; algo pasa; igual atopamos outra Baiona; entón que nos manden un escrito e nos digan "atopamos Pompeya", pero polo menos explíquen algo.
O partido socialista lle pido que por favor voten o mesmo que fai 4 anos, o mesmo, non estamos pedindo nada novo.
Quero decier que eu agora xa teño 3 posibilidais de porque non se fai o enlace de Sabarís, antes de empezar ó Pleno tiña 2 pero agora teño 3 porque o Sr.Lores sempre nos dá información que non temos e sempre nos enteramos de cousas; unha, era polo motivo dos restos que se atoparon, as outras duas están claras: unha, é razón económica, a empresa decide facer a conexión en Nigrán e Gondomar porque son de peaxe e polo tanto canto antes as abra antes vai a cobrar; para nós non é defendible, para a empresa lóxicamente sí; e a outra é que sexa unha razón política, de querer aillar á xente de Baiona e de Sabarís, eu creo que ésta non é a razón, me inclino máis pola razón dos restos medievais que é máis bonita e máis navideña; pero creo que o PSOE debería reconducir a sua postura posto que esta petición é boa para Baiona e porque o grupo socialista no 2005 xa o pedía.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Moción, resultando: votos a favor, 11 (8,PP, 1,CMÑ, 2,BNG); votos en contra, 6 (PSOE).**

---

**Polo que o Pleno, por maioría, ACORDA:**

**SOLICITAR:**

**1.- O cumprimento dos acordos sinalados na moción e moi especialmente a axilización da interconexión por vía de alta capacidade entre Sabarís e Baredo. A creación de cunetas nos dous viais laterais de servizo na autoestrada AG-57, saída de Sabarís. O asfaltado das vías de servizo da citada saída. Unha solución definitiva a rotonda provisional situada na entrada de Sabarís e o mesmo tratamento definitivo para a pasarela instalada neste mesmo enlace da autoestrada.**

**2.- A remisión deste acordo á Consellería de Política Territorial.**

## <u>11.2.-MOCION DO BNG.-</u>

**O SR.FERNANDEZ procede á lectura da seguinte MOCION:**

**"No derradeiro Pleno aprobouse inicialmente o novo Plan Xeral de Ordenación Urbana, ós poucos días o Concello recibíu o preceptivo informe da COPTOPV que indica varios puntos a rectificar e que así debe contemprarse por imperativo legal. A día de hoxe o Plan aprobado xa está a exposición pública, o cal significa que se está expondo un documento erróneo, ou**

**alomenos un documento que non cumpre os requisitos legais establecidos pola Consellería competente.**
**O BNG, en aras de evitar máis confusionismo entre os veciños e as veciñas que están revisando o documento aprobado para formular as suas alegacións, propón ó Pleno do Concello a seguinte MOCION para o seu debate e aprobación se procede:**

**- SUSPENDER a exposición pública da aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Urbana.**

---

**CONTINUA.-** Creemos que o procedemento seguido ata agora polo equipo de goberno, polo Alcalde, de presentálo, dixemos que era unha postura valiente, a valoramos naquel momento de maneira positiva e seguimos decindo o mesmo, se ben é certo que agora mesmo o informe que temos encima da mesa e por ese motivo estivemos esperando a escoitar ó equipo redactor, hoxe o escoitamos, podemos decirlle ós que nos están escoitando que este equipo redactor fai unha lectura bastante optimista a pesares de ter dunha maneira sustancial unha reforma importante deste proxecto, nós creemos que o máis prudente por parte do Concello agora mesmo é suspender esta aprobación inicial e a exposición pública para non crear máis confusión entre os veciños, e facer os trámites que temos establecidos e que os acordamos na Comisión, de acudir á COPTOPV, ó Director Xeral de Urbanismo, de seguir facendo o traballo co equipo redactor, e unha vez resoltas esas cuestións (que creemos van a modificar sustancialmente este proxecto), a partir de ahí sí continuar co procedemento porque creemos que moitos veciños van facer alegacións a algo que xa non vai a existir.
E de xustiza que o proxecto que presentemos e aprobemos que dunha vez por todas sexa o proxecto ó cal teñen que alegar e saber exactamente a que teñen que ateñerse, nada máis.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da Urxencia da devandita Moción, resultando aprobada por unanimidade.**

---

**CONTINUA O SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nós antes de traer esta moción a consultamos coa nosa Asesoría Xurídica e nos dixeron que efectivamente non ten porque facerse, é unha cuestión, unha decisión política, de continuar con este proxecto ou retirálo, é unha cuestión política; é legal se vostedes votan en contra desta moción e continúa a exposición pública, é legal; lóxicamente, técnicamente sí se pode realizar, tamén se pode suspender a aprobación inicial e polo tanto a exposición pública, e ademáis pensamos que é o máis prudente.

**SR.ALCALDE**.- O máis importante dun planeamento é que, aparte de que sexa legal, lóxicamente, é que sexa transparente. A faia de transparencia pode crear unha sensación que non queremos ningún que se dé; quero comentar que tivemos unha reunión previa da Comisión de Seguimento do Plan Xeral e alí o equipo redactor explicou a valoración que fai do informe de Urbanismo, como dixo Xose Enrique é unha valoración optimista, e neste momento o propio Director Xeral de Urbanismo dixo que era un informe aberto e que o Plan de Baiona non era un mal Plan. Creo que neste momento se dá unha situación ideal: temos un proxecto redactado por un equipo técnico, hai outro informe doutro equipo de urbanismo da Xunta, e

temos os informes de cada ún dos veciños que queran facer propostas ás duas cousas: ó Plan e ó documento; de feito están colgados tanto na páxina web como nos taboleiros o Plan e o informe de Urbanismo da Xunta. E os veciños, lóxicamente asesorados por quen eles estimen, van facer alegacións con moita base e con posibilidais de mellorar o documento. Falta, o que hoxe discutimos, un tercer paso, que é a reunión con Urbanismo, chegar con información de alegacións, dos técnicos do equipo redactor, municipais, a esa reunión, e tratar de matizar eses puntos de discrepancia que se poidan producir; e con todo iso poderemos facer a revisión dese documento; nos comprometemos, e así o fixemos, a que si ese documento ten cambios sustanciais facer unha nova exposición, que non está dentro da normativa da Lei pero entendemos que sí vai a servir para enriquecer, para que a xente sepa que cando este Pleno aprobe ese documento é porque ese documento foi visto de novo por eles e poideron aportar as suas ideas, que non van a quedar vendidos en ningún sentido. E unha oportunidade de ouro a que temos nestes momentos para que con todas as colaboracións posibles poidamos facer un bó documento, e para que non haxa dúbidas creo que sería moi importante facer unha nova exposición despois désta, nun período máis curto de tempo, aínda que non está establecido pola Lei, pero sí que nos deixa con máis transparencia e información a todos os veciños.
Polo tanto creo que esta moción que hoxe presentan non é convinte, ó contrario vai a perxudicar.

**SR.LORES, PSOE**.- Antes de escomenzar este Pleno é certo que na xuntanza que tivemos o BNG non plantexou nada do que agora está plantexando; nós en principio pediríamoslle ó BNG que retire esta Moción e levaramos este tipo de plantexamentos á Comisión e así vir aquí máis ou menos traballada por todos os grupos.
Está ben o que dí o Alcalde, poderáse modificar o Plan ou facer outro novo, pero o que non ten moito sentido despois dos traballos feitos é aceptar esta Moción do BNG, se o Plan é viable pois haberá que traballar nél, e senón é viable pois haberá que rexeitálo e encargar outro; pero mentras tanto deberían plantexar estas cousas nas Comisións para debatir e discutir, pero non neste Pleno.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Esta proposta do BNG non quero decir que sexa irresponsable pero dalgún xeito sería tirar por terra todo o que se víu conseguindo en todo este tempo, especialmente coa aprobación inicial; nós estamos agora nunha situación ventaxosa posto que somos os que marcamos os tempos antes de chegar á aprobación provisional.
Todos sabemos que efectivamente é a Xunta a que ten que dar a aprobación definitiva e témolo moi claro; me parece moi clara a postura do Alcalde. Esta exposición pública demostra unha transparencia total, e o que sairá de todo esto, coas alegacións dos veciños, o informe da COPTOPV, o traballo de todos os grupos políticos, é un novo Plan, unha nova proposta de Plan; si esa nova proposta ten cambios sustanciais se porá expoñer ó público por 1 mes, ou máis, isto xa está previsto en aras da transparencia. Suspender agora este Plan, unha vez xa publicado no Boletín, e cando a xente xa está mentalizada, sería un erro garrafal; entre outras cousas porque nós deixaríamos de marcar os tempos e isto para a Corporación en xeral é fundamental.
O que dixo o PSOE de que poderíamos tirar este Plan e facer outro teño que decir que iso tampouco é posible porque unha vez que un documento urbanístico sae á luz pública hai que tratar de mellorálo, de correxílo e de adaptálo, xa non pode haber unha alternativa a este Plan; o Plan ten que seguir un camiño cheo de transparencia, marcando os plazos; e non se olvide o Sr.Fernández que un dos fundamentos de que se aprobara o Plan inicialmente foi a suspensión de licenzas, e as licenzas están suspendidas, e nun Concello como Baiona non poden estar permanentemente

suspendidas, nós temos a obrigar de traballar neste Plan, de levantar as licenzas o antes posible, cun novo Plan, creo que este é o obxetivo de todos.
Esta moción que presenta o BNG é improvisada, e a proba está en que non a ten nin escrita, que lla fixeron así con tachaduras, é unha improvisación total e absoluta, e o digo con todos meus respetos en materia urbanística, creo que o Sr.Fernández é un pilar fundamental para a aprobación deste Plan, porque coñece o territorio e sei que é unha persoa capacitada, pero ten que recoñecer que esta moción se fixo dunha maneira improvisada. Polo tanto nós votamos en contra desta moción.

**SR.FERNANDEZ, BNG**.- Quixera decir unhas cousas, cando fala vostede de transparencia teño que decir que a día de hoxe se nos ten entregada toda a documentación que temos requerida; estivemos en varias ocasións recriminando ó Alcalde que nos faltaba e a día de hoxe temos toda esa documentación, xa nos foi entregada, polo tanto na miña intervención non falei para nada de falta de transparencia, incluso dixen que nos parecía correcto o calendario que se establecía na Comisión para seguir desenvolvindo esta cuestión.
Creemos que evidentemente a nova exposición que se poida facer dentro duns meses é outra mostra de transparencia e que incluso é bó que asi sexa por seguridade xurídica.
Con esta moción non queremos botar isto abaixo, simplemente creemos que pode ser o mellor aínda que ao mellor o tempo nos pode demostrar que estabamos equivocados; pero creemos que vai a supór unha confusión para os veciños que agora mesmo poden facer alegacións durante dous meses e que a partir do 2 de febrero cando xa fixeron o traballo que tiñan que facer non lles valga; hai veciños que se apoian en amistades, ou en grupos políticos para facer suas alegacións posto que é un tema moi complexo, e hai moitos que optan por acudir a asesorías xurídicas, e vostede sabe Sr.Vilar que houbo veciños no ano 94 que pagaron miles de pesetas por asesorarse naquela data, e creo que non lles vai facer ningunha gracia que a partires do 2 de febreiro se lles diga que vaise a pór un mes máis para que volvan a facer as alegacións porque a Xunta nos botou abaixo parte importante do Plan e temos que empezar de novo. Os veciños esa cuestión non lles vai a gustar nada, e podemos evitálo. Hai un refrán que dí "vísteme despacio que tengo prisa", e así como o calendario do que falou o Alcalde nos pareceu correcto a mín tamén me parece correcto esperar un pouquiño máis e que ó longo poidamos gañar tempo, sobre todo para que os veciños non se confundan. Por isto quero decir que ésta non é unha moción apresurada e presentada de maneira irresponsable.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da retirada da Moción solicitada polo PSOE, resultando: votos a favor da retirada, 15 (8,PP, 1,CMÑ, 6,PSOE); votos en contra, 2, BNG, polo cal rexeitase a Moción presentada polo BNG.**

## 12.-ROGOS E PREGUNTAS.

**ROGOS do PSOE.- SR.LORES:**

**1º.-** Entendemos que nesta campaña do Nadal haberá aumento de residuos tanto plásticos, como cartón e vidro, polo tanto PEDIMOS ó goberno que intensifique as recollidas e se instalen contenedores nos distintos puntos de Baiona para facilitar a recollida selectiva, e que

en datas puntuais, despois do 25 ou 26, nos que hai un aumento de embalaxes, se faga unha recollida específica para evitar unha mala imaxe.

**2º.-** Outro **ROGO** é que llemanifeste á sua dirección, do PP de Baiona, a preocupación e o disgusto que ten o Partido Socialista de Baiona, e máis da Provincia, polos feitos acontecidos en Mos; nós non queremos facer unha Moción, pero sí queremos decir que este tipo de cousas non se deben producir, os pactos hai que cumplílos, e a imaxe que se deu no Pleno de Mos con seguridade privada incluso nalgúns momentos de cuestionable legalidade posto que estaban actuando nun lugar público. Este é un ROGO sentido que lle facemos ó PP para que o trasmita o seu grupo en Galicia.

---

**PREGUNTAS DO BNG.- SR.FERNANDEZ:**

**1º.- ¿Ten coñecemento da paralización das obras do EDAR?.**

**RESPOSTA.-** Non.

**2º.- ¿Que xestión leva feito o Alcalde con respecto á paralización das obras do EDAR?.**

**RESPOSTA.-** Teño feito varias chamadas e nadie me confirma esa paralización.

**SR.FERNANDEZ.-** Nada máis. Decirlle a todos que pasen unhas felices festas.

**SR.ALCALDE.-** O mesmo desexo a toda a Corporación, os veciños, e tamén para os radiointes que poidamos ter.

## -RESPOSTAS AS PREGUNTAS FEITAS NO PLENO ANTERIOR POLO PSOE SEGUINTES:

**1º.-** ¿Cando se pensaban rematar as obras de acceso ó Colexio de Belesar?.

**SR.VILAR, CMÑ**.- Están rematadas e a satisfacción de todo o mundo.

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as quince horas do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.